



## Tertulias literarias

### BIBLIOTECA DE SANTA CRUZ xaneiro – marzo 2019


#### **La ridícula idea de no volver a verte, de Rosa Montero**



Unha aberta homenaxe ás mulleres que se enfrontaron á súa contorna por levar adiante aquilo no que crían nunha sociedade que as ignoraba pola súa condición feminina. Rosa Montero constrúe unha narración a medio camiño entre a lembranza persoal e a memoria de todos, entre a análise da nosa época e a evocación íntima.

**Entrega: 14 xaneiro**  
**Comentario: 4 febreiro**

#### **El reflejo de las palabras, de Kader Abdolah**



Ismail, un novelista iraniano exiliado en Holanda, recibe por correo o diario do seu pai falecido, un texedor de alfombras de Arak, rexión remota da antiga Persia. Traducir esas notas, reflexo de toda unha vida, convértese no propósito máis fervente de Ismail, sabedor de que ese diario contén non só o pasado familiar, senón o sentido do seu propio presente.

**Entrega: 4 febreiro**  
**Comentario: 18 febreiro**


#### **Mejillones para cenar, de Birgit Vanderbeke**



Nunha familia modelo, todos esperan o regreso do pai, que saíu en viaxe de negocios. Dispuxeron unha cea de mexillóns, a súa cea preferida. Pero, a medida que pasan as horas e el non chega, vaise organizando unha «revolta» que poñerá en cuestión todos os valores da familia tradicional.

**Entrega: 18 febreiro**  
**Comentario: 11 marzo**

#### **Antoloxía do conto galego: século XX**



Na historia da literatura o conto é un dos xéneros fundacionais. Para a literatura galega o conto tamén simboliza o vencello entre a narrativa oral e a narrativa escrita. Esta Antoloxía pretende ser unha panorámica do conto literario ao longo do século XX, desde a Xeración Nós aos escritores que comezaron a publicar durante os últimos anos do franquismo.

**Entrega: 11 marzo**  
**Comentario: 25 marzo**

#### **El ferrocarril subterráneo, de Colson Whitehead**



Cora é unha moza escrava dunha plantación de algodón en Xeorxia. Abandonada pola súa nai, vive sometida á crueldade dos seus amos. Cando César, un mozo de Virxinia, lle fala do ferrocarril subterráneo, ambos deciden iniciar unha arriscada fuxida cara ao Norte para conseguir a liberdade.

**Entrega: 25 marzo**  
**Comentario: 8 abril**